


## INFORME AVALIACIÓN DE SATISFACCIÓN DOS ALUMNOS/AS DE CURSOS DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN ANO 2023

### COMPOSICIÓN E IDADE DO ALUMNADO


Fixéronse **714 cuestionarios**, entre os cursos da Fundación, o que supón un aumento do 16% respecto dos realizados o ano anterior (597), contando cun total de **742 alumnos/as**, un 26% máis que o ano pasado (587).

Os test realizados distribúense da seguinte maneira:



Atendendo ás áreas de actividade da Fundación as persoas usuarias enmarcaríanse en:


#### Nº PERSOAS ENQUISADAS POR ÁREA DE ACTIVIDADE



A idade media do alumnado que contestou os cuestionarios é de 44,2 anos para os distintos cursos ofrecidos pola Fundación (ponderando por nº de homes e mulleres que hai nos distintos cursos e áreas de formación).


Os alumnos homes de máis idade, déronse na formación impartida na área de Intervención Social cunha media de 50,4 anos, e as mulleres tamén con 45,3 anos. Os homes máis novos atopámoslos na área de Igualdade, con unha media de idade de 37,7 e as mulleres, con 40,4 anos, atopámoslas na área de Intervención en Medio Penal.

IDADE MEDIA DO ALUMNADO



A seguinte gráfica mostra a media de idade desagregada por programas, proxectos ou actividades:

IDADE MEDIA DO ALUMNADO POR ÁREAS, PROGRAMAS/PROXECTOS



As persoas de menos idade estiveron, no caso dos homes, cunha media de 37,7 anos no PFI (Punto Formativo Incorpora) e en Xeitos de ver, e as mulleres en AISMP-IRPF (Axuda para Inserción Sociolaboral en Medio Penal). As persoas con máis idade déronse no programa Sísifo, para os homes, cunha media de idade de 53,1 anos, e as mulleres no Ciber con 49,6 anos.


## AVALIACIÓN ÍTEMS TOTAIS DOS CURSOS

A avaliación conxunta de todos os cursos da Fundación ofrece os seguintes resultados: case todos os ítems foron valorados de forma positiva por encima do 90% (Satisfacción Alta+Moi Alta).

Resaltan de todos eles, con máis do 100% (satisfacción Alta+Moi alta) “O profesorado explicaba con claridade”, e con máis do 99%, “O profesorado dominaba os temas” e “O profesorado expresou interese ofrecéndolle un trato que lle brindou confianza.”


Entre o menos valorado con máis do 10% de (satisfacción Moi Baixa+Baixa) “o número de horas...” xa que se demanda maior duración dos cursos, seguido do 5,2%, en segundo lugar “O contido do curso é útil para a súa incorporación ao mercado laboral /ou incorporación social e en terceiro lugar cun 4,3%.” “As condicións do local foron as idóneas para a aprendizaxe”, hai que ter en conta que algunhas formacións fanse fora das instalacións da entidade.

### ÍTEMS FAVORABLES E DESFAVORABLES CURSOS




## AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS

A valoración final media de satisfacción Alta+Moi alta supera o 97%. Agrupando por bloques as diferentes cuestións, obtemos que o nivel de satisfacción supera nas 4 categorías o 96%, sendo o máis valorado “o trato recibido” con máis do 99%. Pola contra o menos valorado, foi “Funcionamento do Servizo”.




Os valores obtidos están ponderados por nº de test feitos en cada programa e por nº de test en cada área.




Todas as áreas de actividade teñen unha satisfacción por riba do 96%, sendo a máis valorada a área de Intervención Medio Penal cun 97,2% de satisfacción Alta+Moi Alta.

## SATISFACCIÓN POR ÁREAS DE ACTIVIDADE



Se desagregamos o nivel de satisfacción por áreas, programas, proxectos e actividades se aprecian os resultados seguintes:


SATISFACCIÓN FORMACIÓN DESAGREGADA POR ÁREAS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES



A formación coa maior satisfacción foi impartida, na área de Formación Laboral, polo programa Emprego Inclusivo e PFI (Punto Formativo Incorpora) cun 100%. Na área de Intervención en Medio Penal, a maior satisfacción alcanzouse na formación en competencias clave y programa Abeiro financiado pola Fundación Barrié. Na área de Intervención social, a formación de Inclusión Social destaca levemente cun 96,9% de satisfacción. Na área de Igualdade, acada un 99% de maior valoración a formación do programa Achégate á Rede de empoderamento dixital dirixido a mulleres.


## COMPARATIVA BLOQUES ANOS 2021-2023

A cualificación Favorable inclúe os criterios satisfacción “moi alta+alta” e Desfavorable inclúe os criterios de satisfacción “moi baixa+baixa”, observamos que a evolución obtida nos diferentes bloques dos exercicios 2021 ao 2023, mantense moi por encima do obxectivo do 90%.



## AVALIACIÓN ALUMNADO DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN


O alumnado enquisado avaliou á Fundación Érguete de forma positiva, alcanzando unha satisfacción alta+moi alta de entre o 97% e 99%, coas instalacións, a atención recibida así como co grao de satisfacción polos servizos recibidos.




## PUNTACIÓN XERAL DOS CURSOS FUNDACIÓN

A valoración media global dos cursos da Fundación é de **9,1 sobre 10**. Os cursos máis valorados foron os da área de Formación e incorporación Laboral, superando todos eles o 9.

**VALORACIÓN MEDIA FINAL POR ÁREAS DE ACTIVIDADE** (Escala 1-10)



A puntuación desagregada por Áreas, programas, proxectos e actividades pódese ver na seguinte gráfica:



As formacións con mellor puntuación foron: a do proxecto Dana cun 10, dirixida mulleres, seguido do Programa Emprego Inclusivo cun 9,7 e en terceiro lugar empatados cun 9,5 a formación do PIE-EAPN e Cormo.



## RESPUESTAS DE LIBRE OPINIÓN

As seguintes gráficas recollen o máis valorado, o que se podería mellorar e outras suxestións do total de cursos 2023. Tendo en conta que cada persoa pode dar varias respostas, pero non todas as persoas responden a esta parte do formulario, o resultado dos 597 cuestionarios cubertos dá o seguinte reparto de cuestións de libre opinión:


- O que máis me gustou: 1846
- O que se podería mellorar: 910
- Suxestións: 3

Os resultados obtidos exprésanse en % e están ponderados en relación aos seus programas, áreas e o total da Fundación.

### O máis valorado dos cursos


As 1846 opinións distribúense como mostra a gráfica:

**% Opinións por Áreas de Actividade  
"O que máis me gustou"**



Destaca como o máis valorado “a paciencia, dedicación e claridade docente” con máis dun 26% e o “trato recibido pola/o docente” con máis dun 25,7%.


### O QUE SE PODERÍA MELLORAR (CURSOS)



### O que se podería mellorar dos cursos


As 910 opinións proceden das seguintes áreas:

#### % Opinións por Áreas de Actividade "O que podería mellorar"



Entre os ítems a mellorar, comúns a todos os cursos, atopamos en primeiro lugar “máis horas” con 38%, seguido de “Máis exercicios/prácticas” 23% e “máis contidos” con 20%; En todas as áreas excepto Intervención con 4,7% melloraría o “Máis docentes”; na área de Formación Laboral, un 0,3% pedía “máis temperatura na aula”.


### O QUE SE PODERÍA MELLORAR (CURSOS)



### Suxestións

As 3 opinións proceden da formación impartida nas seguintes áreas:

#### % Opinións por Áreas de Actividade "Suxestións"



As suxestións ofrecidas polo alumnado no ano 2023, son minoritarias (tan só 3 dos 714 cuestionarios cubertos). Con 1 na área de Intervención Social interese por “Tratar temas de violencia en adolescentes”, e os outros están na área de Formación Laboral e intervención en Medio Penal.

### SUXESTIÓN S (CURSOS)

